

Zona Verde

É un lugar de reunión situado no 2º andar da biblioteca que se utiliza para a realización de actividades colectivas relacionadas cos estudos que se imparten na Facultade de Socioloxía e na Facultade de Ciencias da Comunicación.

✓ Usuarios/as

Poderán facer uso da Zona Verde os membros da comunidade universitaria da UDC e de forma preferente os/as alumnos/as e o persoal docente e investigador vinculados á Facultade de Socioloxía e á Facultade de Ciencias da Comunicación.

✓ Horario

Poderá utilizarse de luns a venres, entre as **08:30** e as **21:30** horas.

✓ Equipamiento

Dispón de 2 zonas con acceso á rede wifi da UDC:

α (14 cadeiras), 2 encerados, 1 TV 47"

β (10 cadeiras), 1 TV 55"

✓ Reserva

- Realizarase a través da aplicación da UDC **Espazos e horarios UDC** previa autenticación en <https://cas.udc.es/>
- A reserva a realizará unha persoa en nome dun grupo. A persoa que realice a reserva será a responsable da correcta utilización da sala.
- No caso de que, ao chegar o grupo, atopase algunha anomalía deberá comunicárllela ao persoal da biblioteca.
- Se o grupo non se presenta despois de 15 minutos desde a hora reservada, a biblioteca procederá á cancelación da reserva.

✓ Normativa básica

- A Zona Verde é un espazo sen fume, no que non se pode entrar con comida nin bebida (agás auga) e no que os teléfonos móbiles deberán estar silenciados.
- Deberá mantense un ambiente de ruído moderado que facilite o traballo en grupo.
- Os/as usuarios/as poderán acceder a esta zona cos seus dispositivos informáticos.
- Os libros e publicacións periódicas da biblioteca que se utilicen deberán ser restituídos ao seu lugar orixinal ou ben entregados no mostrador de préstamo.
- En caso de incumprimento destas normas a biblioteca tomará as medidas oportunas.
- A biblioteca non se fai responsable dos obxectos que os/as usuarios/as deixen na sala.

Normativa:

Aprobada na Comisión de Biblioteca Intercentros de Socioloxía e Ciencias da Comunicación do 13/12/2011.

Modificada na reunión da comisión do 12/07/2012.

Actualizada en febreiro 2018 no referente ao equipamento e vías de reserva.

Actualizada en abril 2023 no referente ao equipamento.